



RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE 1.300,63 METROS CADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE PARA A MELLORA DO SANEAMENTO NOS CONCELLOS DE VILANOVA DE AROUSA E DE CAMBADOS, NOS TERMOS MUNICIPAIS DE VILANOVA DE AROUSA E CAMBADOS

N/Expte.: **CONC-PO-2026-004C**
S/Ref.: **CNC02/26/36/0005**

En relación coas solicitudes de concesión administrativa de ocupación de 1.300,63 m² de dominio público marítimo terrestre (DPMT) para a mellora do saneamento nos Concellos de Vilanova de Arousa e de Cambados presentadas polos Concellos de Vilanova de Arousa (508,23 m²) e de Cambados (792,40 m²), figuran no Servizo do Litoral de Pontevedra, dependente deste Departamento Territorial, os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. Por Orde Ministerial de data 9 de xaneiro de 1996, outorgouse ao Concello de Vilanova de Arousa concesión de ocupación de 459 m² de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino á realización das obras do proxecto de "Execución de colectores e estación depuradora de augas residuais en Cambados e Vilanova de Arousa", no termo municipal de Vilanova de Arousa (expediente C-1797 Pontevedra).

De acordo coa prescrición particular primeira, a concesión outorgouse por un prazo de trinta (30) anos sen posibilidade de prórroga. A notificación da citada Orde Ministerial realizouse o 19 de xaneiro de 1996.

2. O 23.01.2026, recíbese no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, co número de rexistro 2026/194323, a solicitude de concesión de ocupación do DPMT por parte do Concello de Vilanova de Arousa, para a mellora do saneamento, segundo a separata ao Proxecto de Mellora do Sistema de Saneamento no Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), clave: OH:336.1128, realizado por Augas de Galicia e asinado polo enxeñeiro Gustavo Vázquez Herrero, no mes de xuño de 2025.

3. Con data do 27.01.2026, recíbese no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, co número de rexistro 2026/218412, a solicitude de concesión de ocupación do DPMT por parte do Concello de Cambados, para a mellora do saneamento, segundo a separata ao Proxecto de Mellora do Sistema de Saneamento no Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), clave: OH:336.1128, realizado por Augas de Galicia e asinado polo enxeñeiro Gustavo Vázquez Herrero, no mes de xuño de 2025.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





4. Os proxectos técnicos indican que a tubaxe de alivio dentro do Concello de Cambados ten unha lonxitude de 792,4 metros. Por outro lado, dentro do Concello de Vilanova de Arousa a tubaxe de impulsión ten un longo de 59,0 metros e a tubaxe de alivio un longo de 449,23 metros. Deste xeito, malia que nos citados proxectos se calcula a superficie de ocupación estimando anchos de 0,45 e 0,50 metros, e dado que o artigo 184 do RXC establece un mínimo de un metro de ancho no caso de canalizacións, a superficie ocupada do DPMT estímase en 1.300,63 m².

5. Os datos do expediente son os seguintes:

Solicitantes:	Concello de Vilanova de Arousa e Concello de Cambados
Datas das solicitudes:	23.01.2026 – 27.01.2026
Obxecto:	Mellora do sistema de saneamento no Concello de Vilanova de Arousa baixo a separata de costas ao Proxecto de Mellora do Sistema de Saneamento no Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), clave: OH:336.1128, realizado por Augas de Galicia e asinado polo enxeñeiro Gustavo Vázquez Herrero, no mes de xuño de 2025.
Situación:	Concello de Vilanova de Arousa e Concello de Cambados
Superficie en DPMT:	1.300,63 m ²

6. Descrición da actuación proxectada:

O proxecto ten por finalidade a mellora do saneamento do Concello de Vilanova de Arousa a través das seguintes actuacións:


- Reparación das conducións existentes, dispoñendo unha tubaxe de PEAD450.
- Construción de novo tanque de tormentas, fóra dos 20 primeiros metros da ribeira do mar.
- Disposición de dúas impulsións secundarias (EBAR-EDAR), mediante conducións de PEAD 90.
- Establecemento de senda por servidume de tránsito de 10 cm de xabre-cemento, sobre 15 cm de saburra e, como base, 30 cm de chan adecuado.
- Reparación da estación de bombeo nº1 e nº 2. Retranqueo do bombeo nº3 da zona de DPMT.

O colector de alivio do tanque de tormentas expónse aproveitando integramente o colector actual de saneamento existente entre o tanque e o bombeo núm. 2. O devandito punto de alivio mantense (non supoñendo obra nova), estando situado ao bordo da poligonal de dominio público marítimo-terrestre, conforme á seguinte imaxe:

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal






Imaxe nº1: Situación do bombeo nº 2 e o seu alivio respecto ao DPMT



Imaxe nº2: alivio existente



Imaxe nº3: Ubicación proposta para o novo tanque de tormentas e ocupación puntual do bombeo en DPMT

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





II. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

A. ANTECEDENTES

1. Con data 14 de decembro de 2020 tivo entrada no rexistro do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, solicitude por parte do Concello de Vilanova de Arousa para a modificación da concesión co obxecto de realizar as obras descritas no proxecto de "Mellora do sistema de saneamento non Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), Clave OH.336.1128, Autor: Gustavo Vázquez Herrero (E.C.C.P.)".

2. Mediante Orde Ministerial do 9 de maio de 2022 denégase a solicitude de modificación da concesión ao constatare a existencia dentro de ribeira do mar de instalacións de recollida, condución e bombeo de augas residuais, sendo contrario ao establecido nos artigos 32 e 44 da Lei de costas.

B. TRAMITACIÓN

1. Do exame da documentación achegada, e toda vez que se trata da mesma separata do Proxecto de Mellora do Sistema de Saneamento no Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), optouse por unificar o trámite de información pública e a solicitude de informes sectoriais, atendendo ao artigo 72.1 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ao principio de concentración de trámites.

2. Con data do 02.02.2026, ao abeiro do artigo 152 do RXC, solicitouse informe aos seguintes organismos:

2.1. Concello de Vilanova de Arousa:

O 04.02.2026 e o 10.03.2026 o Concello de Vilanova de Arousa emitiu sendos informes favorables ao respecto das actuacións incluídas no proxecto obxecto deste expediente.

2.2. Concello de Cambados

O 02.02.2026 solicitouse informe de viabilidade urbanística ao Concello de Cambados e a solicitude foi reiterada o 06.05.2026. Con todo, non se recibiu resposta ás citadas solicitudes.

2.3. Portos de Galicia.

O 13.02.2026 Portos de Galicia informou favorablemente as actuacións incluídas no proxecto obxecto deste expediente.

2.4. Servizo de Montes

O 14.02.2026 o Servizo de Montes informou favorablemente as actuacións incluídas no proxecto obxecto deste expediente, cunha condición, que se recolle como condicións particulares nesta resolución.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





2.5. Patrimonio Cultural.

O 22.06.2026 Patrimonio Cultural informou favorablemente as actuacións incluídas no proxecto obxecto deste expediente, cunha condición, que se recolle como condicións particulares nesta resolución.

2.6. Augas de Galicia.

O 05.03.2026 Augas de Galicia informou favorablemente as actuacións incluídas no proxecto obxecto deste expediente, cunha serie de condicións, que se recollen como condicións particulares nesta resolución.

2.7. Ministerio de Defensa.

O informe non foi emitido no prazo regulamentariamente establecido, polo que, de acordo co sinalado no artigo 157 do RXC, proseguíuse coa tramitación do expediente.

2.8. Patrimonio Natural.

O 05.02.2026 o Servizo de Patrimonio Natural informou favorablemente as actuacións incluídas no proxecto obxecto deste expediente, cunha serie de condicións, que se recollen como condicións particulares nesta resolución.

3. Con data do 02.02.2026 solicitouse ao Servizo Provincial de Costas o informe previsto no apartado D.3 do Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en relación coa garantía da integridade física e do uso público do dominio público marítimo-terrestre comprendido no termo municipal de Vilanova de Arousa, así como o informe previsto no artigo 152 do RXC.

Do mesmo xeito, o 02.02.2026 solicitouse á Subdirección General para la Protección del Mar o informe de compatibilidade coas estratexias mariñas previsto no Real Decreto 79/2019, de 22 de febreiro.

O 28.04.2026 a Dirección General de la Costa y el Mar emitiu informe sobre a solicitude do Concello de Vilanova de Arousa de concesión para a mellora do sistema de saneamento no Concello de Vilanova de Arousa, en sentido favorable, cunha serie de condicións, que se recollen como condicións particulares nesta resolución.

4. Con data do 10.02.2026 solicitouse informe á Deputación de Pontevedra, en relación ás obras proxectadas no marco deste expediente.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





4.1. Deputación de Pontevedra.

O 30.03.2026 a Deputación de Pontevedra informou que deberá solicitarse a autorización das obras ante ese organismo.

5. Con data do 17.03.2026 solicitouse informe ao Instituto de Estudos do Territorio e ao Servizo Provincial de Enerxía e Minas, en relación ás obras obxecto deste expediente.

5.1. Instituto de Estudos do Territorio.

O 17.04.2026 o IET emitiu informe favorablemente as actuacións incluídas no proxecto obxecto deste expediente, cunha serie de condicións, que se recollen como condicións particulares nesta resolución.

5.2. Servizo Provincial de Enerxía e Minas.

O 13.05.2026 o Servizo Provincial de Enerxía e Minas informou favorablemente as actuacións incluídas no proxecto obxecto deste expediente.

6. Con data do 17.03.2026 asínase o Acordo do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a execución do proxecto de "Mellora de Saneamento no Concello de Vilanova de Arousa", que discorre polos Concellos de Vilanova de Arousa e Cambados, para a mellora do sistema de saneamento, nos concellos de Vilanova de Arousa e Cambados (Pontevedra).

O 06.04.2026 publícase o devandito acordo no DOG núm. 62, outorgándose un prazo de 20 días para presentar alegacións, de conformidade co artigo 152.8 do RXC. Nesa mesma data publícase no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, na seguinte ligazón: <https://transparencia.xunta.gal/procedementos-de-informacion-publica>.

No trámite de información pública presentouse unha única alegación, o 06.05.2026, por parte do Colectivo Ecoloxista do Salnés. Dáse traslado da dita alegación ao Concello de Vilanova de Arousa e ao Concello de Cambados con data do 22.06.2026, como solicitantes da concesión.

7. Con data do 13.02.2026 realízase unha visita de comprobación por parte dos axentes do Servizo do Litoral, aos efectos de dar cumprimento ao sinalado no artigo 152.4 do RXC, emitíndose informe e plano de confrontación con data do 17.03.2026.

8. Con data do 06.05.2026 solicitouse ao Servizo Provincial de Costas o informe previsto no apartado D.3 do Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en relación coa garantía da integridade física e do uso público do

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





dominio público marítimo-terrestre comprendido no termo municipal de Cambados, así como o informe previsto no artigo 152 do RXC.

Transcorrido o prazo máximo de dous meses para emitir o criterio, o informe non foi recibido.

9. Con data do 20.05.2026 deuse traslado do informe do Servizo de Montes e do informe da Dirección General de la Costa y el Mar ao Concello de Vilanova de Arousa aos efectos de realizar modificacións no proxecto que serve de base para a tramitación da concesión.

10. O 22.06.2026 achégase o Proxecto modificado coas indicacións sinaladas no informe da Dirección General de la Costa y el Mar antes sinalado, con data de visado do 05.05.2026.

11. O 29.09.2026 e de acordo ao sinalado no apartado 1 da TRAMITACIÓN (Apdo. II.B.1), e ao abeiro do disposto no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, este Servizo do Litoral de Pontevedra acordou a acumulación dos procedementos CONC-PO-2026-004C e CONC-PO-2026-007C, que se seguirán baixo o número de expediente CONC-PO-2026-004C.

12. O 02.07.2026 recíbese informe de resposta ás alegacións presentadas ao outorgamento de concesión de ocupación do DPMT realizado polos redactores do proxecto que serve de base para o outorgamento desta concesión.

13. Con data do 23.07.2026 o Concello de Vilanova de Arousa achega certificado do Acordo Plenario do 20.07.2026 polo que acepta expresamente as condicións xerais e particulares establecidas na proposta de resolución de data 07/07/2026, remitida polo Servizo do Litoral de Pontevedra.

14. Con data do 06.08.2026 o Concello de Cambados achega certificado do Acordo Plenario do 03.08.2026 polo que acepta expresamente as condicións xerais e particulares establecidas na proposta de resolución de data 07/07/2026, remitida polo Servizo do Litoral de Pontevedra.

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN DO DPMT E POSIBLES AFECCIÓNS

1. O tramo de costa afectado pola petición está actualmente deslindado por Orde Ministerial do 11 de marzo de 2004 (DL-163-PO).

2. En canto á compatibilidade da actuación coa Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas e o seu regulamento, cómpre sinalar que a solicitude de concesión para ocupar o dominio público marítimo-terrestre ampara-se no artigo 61.2 do RXC. O colector entre o novo tanque

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





de tormentas e a estación de bombeo nº 2 considérase un emisario terrestre, cuxa localización no DPMT queda xustificada nos argumentos da solicitude. En consecuencia, non é de aplicación o artigo 96.1 do Regulamento Xeral de Costas, criterio que tamén se estende á afección puntual do colector en presión na contorna do novo tanque de tormentas.

Na separata do proxecto, refírense as consideracións recollidas na Orde Ministerial de denegación da modificación de data 9 de maio de 2022, na que se indica o seguinte:

"No presente apartado preténdese dar resposta aos argumentos expostos no documento emitido por Costas dentro do expediente de código C-1797-PONT con base nos cales se denegaba a modificación da concesión solicitada.

- As ocupacións debidas ao trazado das conducións de impulsión incumpren o artigo 96 do Regulamento Xeral de Costas.

Coas modificacións introducidas as actuacións previstas cumpren os supostos indicados no punto 2 do artigo 96. O que se expón no proxecto é unha reparación do sistema de saneamento existente, quedando os colectores integrados en paseos marítimos (senllas) ou viarios pavimentados.

- En aplicación do artigo 32.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, unicamente poderase permitir a ocupación de demanio para instalacións que pola súa natureza non poden ter outra localización.

As tubaxes de impulsión non requiren unha topografía particular para o seu correcto funcionamento, e por tanto, poden instalarse fóra de DPM-T.

A topografía do terreo sobre o que se instala unha tubaxe de impulsión ten unha relación directa co seu funcionamento en fase de servizo. A topografía vai determinar as cotas relativas entre a estación de bombeo (EBAR) e o punto de vertedura (EDAR) que determinarán á súa vez a presión máxima e mínima que deberá soportar a tubaxe. Nos puntos baixos xéranse sobrepresións e nos puntos altos depresións que aumentan a rega de cavitación.

Por tanto, unha impulsión cunha topografía inadecuada podería non só ter un funcionamento inadecuado se non que podería chegar a non funcionar.

Para mostra, a concesión actual, autorizada con data posterior á Lei 22/1988, do 28 de xullo, autoriza a ocupación de DPM-T de dous colectores de impulsión. En calquera caso, coas modificacións introducidas respecto á versión anterior do proxecto, as ocupacións de DPM-

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





T limitáanse á instalación do colector de impulsión na traza da pasarela do Rego do Alcalde e baixo vial pavimentado ou paseo marítimo.

- Resulta innecesaria a ocupación de DPM-T prevista polo colector de alivio do tanque de tormentas xa que incumpre o artigo 44.6 da Lei 22/1988 do 28 de xullo e o seu concordante artigo 96 do RGC.

As augas aliviadas polo tanque de tormentas terán como destino o medio mariño, por tanto, inevitablemente parte do trazado do colector de alivio invadirá DPM-T. O que se pretende co proxecto é aproveitar o colector existente e manter o punto de vertedura do actual bombeo N°2 (BO112). Deste xeito, minimízanse as obras dentro de DPM-T xa que se conservaría o colector actual. Doutra banda, manteríase o punto de vertedura, cuestión de suma importancia dado que na zona existen captacións para industrias marisqueiras. É importante ter en conta que, coa solución proxectada, na que se pretende executar un tanque de tormentas cun volume de retención de 2280 m³, o número e o volume de alivios será netamente inferior ao actual.

- A adecuación do camiño existente dentro de demanio non está encadrada entre os fins que persegue a Lei 22/1988, do 28 de xullo.

Elimínase calquera actuación sobre camiños existentes dentro de demanio."

3. A concesión outorgada por Orde Ministerial do 9 de xaneiro de 1996 (C-1797 PONTEVEDRA) considérase extinguida por vencemento do prazo ao finalizar o 19 de xaneiro de 2026.

4. No informe da Dirección General de la Costa y el Mar do 28.04.2026 sinalábase que: *"Todas as infraestruturas existentes en dominio público marítimo-terrestre que queden fóra de servizo e que por tanto non son obxecto da presente solicitude de concesión han de levantarse e retirarse do citado demanio, a cuxos efectos han de estar incluídos dentro do obxecto do proxecto da presente concesión, debendo o orzamento de execución material do proxecto incorporar as partidas correspondentes aos traballos de levantamento das citadas instalacións".*

Esta cuestión atópase subsanada no novo proxecto visado con data do 05.05.2026.

5. Con respecto ao tramo de 73 m da Zona Rego do Alcalde, na documentación indícase que o trazado é coincidente co da planta da pasarela situada en dominio público marítimo-terrestre, outorgada pola Xunta de Galicia o 3 de novembro de 2025 (CONC-PO-2025- 184C - CNC02/25/36/0003).





De acordo co sinalado no informe da Dirección General de la Costa y del Mar, do 28.04.2026, considérase máis conveniente incluír o dito tramo do colector nesta concesión.

6. Danos posibles ao DPMT.

A actuación pretendida non afecta a tramos de costa coa condición de praia ou a espazos protexidos da Rede Natura 2000, nin a outras figuras de protección ambiental, segundo a documentación achegada.

Non entanto, moi próximos á zona de actuación atópanse os seguintes espazos protexidos REDE NATURA 2000:

-ZEPA-ES0000554 – Corredor migratorio galaico – cantábrico occidental (a menos de 100 m).

-ES1140004 Complexo Ons-Grove e ES0000087 Complexo intermareal Umia-Ou grove, A Lanzada, punta Carreiron e lagoa Bodeira a un 3,2 km do ámbito de actuación).

As instalacións existentes (aliviadoiro e conducións) sofren cambios con respecto á situación preexistente (instalacións obxecto da concesión C-1797-PONT), pero non hai actuación algunha no medio mariño, polo que non procedería a emisión do informe de compatibilidade, segundo se establece no Real Decreto 79/2019, do 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade e se establecen os criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas.

IV. CONSIDERACIÓNS RESPECTO DO PRAZO E DO CANON

1. Proponse para esta ocupación un prazo concesional de TRINTA (30) ANOS, de conformidade co establecido no artigo 135.4.c) do RXC.

2. De acordo ao sinalado no informe da Dirección General de la Costa y del Mar, e dada a natureza do solicitante (Concello de Vilanova de Arousa) e a finalidade das obras solicitadas, a actuación queda exenta do abono do canon, de conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, no que se establece que as Comunidades Autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público dependentes delas, están exentas do pago do canon de ocupación nas concesións que se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que as mesmas non sexan obxecto de explotación lucrativa. Por todo o anterior, ao ser o peticionario o Concello de Vilanova de Arousa, e dada a natureza do proxecto, a Dirección General de la Costa y del Mar estima que as actuacións estarán exento do pago do canon de ocupación.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





V. RESPOTA ÁS ALEGACIÓNS

O 02.07.2026 o Concello de Vilanova de Arousa achega contestación ás alegacións formuladas polo Colectivo Ecoloxista do Salnés. As citadas alegacións versan sobre o "uso dun colector dentro do DPMT como solución principal", a "falta de xustificación da necesidade da pavimentación" e "a separación entre a obra de saneamento e a pavimentación de dous tramos de camiño litoral". No citado informe de resposta ás alegacións conclúese o seguinte:

"-Que a ocupación do DPMT co colector de alivio está convenientemente xustificada, e como proba dilo faise referencia á resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar ao respecto.

-Que a execución das sendas proxectadas no se realiza en terreos de Dominio Público Marítimo-Terrestre, polo que non é obxecto do trámite de exposición pública no que se encadran as alegacións presentadas.

-Que, aínda non sendo obxecto do trámite de exposición pública, a execución das sendas con pavimento de xabre-cemento na franxa de servidume de tránsito é acorde ao espírito da Ley 22/1988 e a Ley 2/2013 e os seus regulamentos de desenvolvemento, xa que son solucións que permiten o paso público peonil e para os vehículos de vixilancia e salvamento.

-Que o emprego de pavimentos de xabre-cemento, non supón un maior impacto ambiental fronte a pavimentos de terra compactada ou xabre. Con esta solución búscase minimizar as tarefas de mantemento da senda e polo tanto o emprego de materiais e recursos ao longo da vida útil da infraestrutura".

VI. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. O artigo 32 da LC, desenvolvido polo artigo 61 do RXC permite a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra ubicación.

A ocupación solicitada resulta, pois, compatible con réxime de utilización do DPMT contido no precepto citado, tal e como se sinala e xustifica no apartado III desta resolución.

2. O artigo 31.2 da LC, desenvolvido polo artigo 60 do RXC sinala que os usos que teñan especiais circunstancias de intensidade, perigosidade o rendibilidade e os que requiran a execución de obras e instalacións só poderán ampararse na existencia de reserva, adscrición, autorización e concesión, con subsección ao previsto nesta Lei, noutras especiais, no su caso, e nas normas xerais ou específicas correspondentes, sen que poda invocarse dereito algún en virtude de usucapión, calquera que sea o tempo transcorrido.

3. O artigo 64 da LC, desenvolvido polos artigos 131 e seguintes do RXC suxeita á previa concesión administrativa toda ocupación do DPMT con obras e instalacións non desmontables.

Neste caso se trata da instalación de elementos non desmontables e polo tanto se tramita como unha concesión de ocupación do DPMT.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





4. Conforme ao sinalado no artigo 135 do RXC o prazo de duración da concesión é de 30 anos, dado que se trata de usos que prestan un servizo público, e que pola súa configuración física non pode ubicarse noutros terreos estremeiros.

5. En atención ao sinalado no artigo 36 da LC, nas consideracións que se achegan no corpo desta resolución, inclúense todas aquelas medidas correctoras en aras a minimizar os posibles danos e prexuízos sobre o DPMT.

6. De acordo ao artigo 42 da LC, para resolver sobre a ocupación do DPMT achegárase o proxecto básico no que se fixarán as condicións e características das instalacións e obras, a extensión da zona de DPMT a ocupar ou utilizar e as demais especificacións que se determinen regulamentariamente.

A este respecto o Concello de Vilanova chegou o 23.01.2026 o "Proxecto de Mellora do sistema de Saneamento no Concello de Vilanova de Arousa" de outubro de 2025, visado con data do 05.05.2026 e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Gustavo Vázquez Herrero (CONC-PO-2026-004C). Posteriormente, o 27.01.2026, o Concello de Cambados presentou solicitude para as mesmas obras (CONC-PO-2026-007C), o que motivou o acordo de acumulación de procedementos, de data 29.06.2026, baixo o código CONC-PO-2026-004C.

7. De acordo co sinalado no artigo 70 da LC, as concesións serán inscribibles no Rexistro da Propiedade e unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

8. Segundo o artigo 84.1 da LC, toda ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exhibibles por aquela. Están obrigados ao pago do canon, na contía e condicións que se determinan nesa Lei, os titulares das concesións e autorizacións antes mencionadas.

As Comunidades Autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público dependentes delas, están exentas do pago do canon de ocupación nas concesións que se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que as mesmas non sexan obxecto de explotación lucrativa, de acordo co disposto no artigo 84.8 da LC.

De conformidade co apartado C.1. do Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, aprobado polo Real decreto 394/2025, do 13 de maio, a Administración Xeral do Estado se reserva as funcións de fixar o importe dos cánones pola utilización ou





aproveitamento do dominio público marítimo terrestre, de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados por estes conceptos, así como recadar os seus importes.

Tal e como se indicou no apartado IV desta resolución, ao ser o peticionario o Concello de Vilanova de Arousa, e dada a natureza do proxecto, a Dirección General de la Costa y del Mar estima que as actuacións estarán exentas do pago do canon de ocupación.

9. As solicitudes formuladas polos concellos de Vilanova de Arousa e de Cambados presentan unha íntima conexión material e funcional, ao referirse á ocupación do dominio público marítimo-terrestre necesaria para a execución dun único proxecto de infraestrutura de saneamento, cuxa funcionalidade e explotación constitúen unha unidade técnica indivisible.

De conformidade co disposto no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a acumulación dos expedientes para a súa tramitación e resolución conxunta, ao concorrer identidade substancial de obxecto e corresponder a súa instrución e resolución ao mesmo órgano administrativo.

A resolución conxunta non altera a individualización dos títulos concesionais nin das obrigas correspondentes a cada entidade local, limitándose a recoller nun único acto administrativo os pronunciamentos relativos a cada unha das ocupacións solicitadas.

10. No ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no DPMT; e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución (Disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e os servizos traspasados pola Administración xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral).

Á vista do exposto, e da proposta do Servizo do Litoral de Pontevedra, **RESOLVO:**

OUTORGAR aos Concellos de Vilanova de Arousa e de Cambados a concesión de ocupación de 1.300,63 metros cadrados de dominio público marítimo terrestre para a mellora do saneamento nos Concellos de Vilanova de Arousa e de Cambados, nos termos municipais de Vilanova de Arousa (508,23 m²) e de Cambados (792,40 m²), conforme ao "Mellora do sistema de saneamento non Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), Clave OH.336.1128.PC, Autor: Gustavo Vázquez Herrero (E.C.C.P.)", visado con data do 05.05.2026, de acordo coas seguintes condicións e prescricións incluídas ao final desta resolución.





As administracións públicas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados dende o día seguinte ao da recepción desta resolución sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo en igual prazo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas.

Santiago de Compostela, data do asinamento dixital

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Paula Uría Traba

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





CONDICIÓN XERAIS DA CONCESIÓN

Disposicións xerais

1ª. A presente concesión, que non implica cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado, outórgase con suxeición ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), e no Regulamento Xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC).

2ª. Esta concesión outórgase polo prazo que se establece nas condicións particulares, (CP) de acordo co indicado no artigo 135.4.c do RXC. O seu cómputo iníciase o día seguinte da data de notificación do outorgamento ao concesionario. As posibles prórrogas axustaranse ao establecido na LC e no RXC.

3ª. As obras realizaranse de acordo co proxecto subscrito por facultativo competente, segundo nome e data que se indica no apartado 2 de antecedentes deste informe coas determinacións e modificacións que neste se impoñan. A súa execución levarase a cabo baixo o exclusivo risco e responsabilidade do concesionario, quen deberá designar como director das obras a unha persoa facultativa competente.

4ª. Esta concesión non implica a asunción de responsabilidades pola consellería competente en materia de litoral en relación co proxecto e a execución e explotación das obras e instalacións, tanto respecto a terceiros como ao concesionario.

5ª. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención dos títulos habilitantes e outras autorizacións que sexan preceptivos.

6ª. Esta concesión non implica a autorización para levar a cabo actividades auxiliares fóra dos límites da mesma, tales como provisións, almacenamentos ou depósito dos residuos da explotación, nin para facer publicidade audiovisual, salvo aquela que sirva para indicar o título e uso da concesión, previa conformidade do Servizo do Litoral correspondente.

7ª. O concesionario queda obrigado a instalar e conservar ás súas expensas a sinalización terrestre provisional durante as obras, así como a definitiva, que deberá incluír a dos accesos e zonas de uso público.

8ª. O concesionario queda obrigado a presentar o título desta concesión dentro do prazo de trinta (30) días, contados desde o seguinte á notificación do outorgamento, na Oficina liquidadora que corresponda, a efectos de satisfacer, se procede, o Imposto Xeral sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, conforme ao texto refundido

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





do devandito imposto, actualmente vixente, e a entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.

Así mesmo, no mesmo prazo, deberá entregarse a documentación que acredite a constitución, se procede, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou nas Delegacións Provinciais da ATRIGA), da fianza definitiva equivalente ao cinco por cento (5%) do orzamento total das obras e instalacións a realizar no dominio público.

9ª. O concesionario queda obrigado a repoñer e conservar os fitos do deslinde aos que estea referida a concesión, na forma que se lle indique polo Servizo do Litoral correspondente.

10ª. O concesionario será responsable dos danos e prexuízos que poidan causar as obras autorizadas, directa ou indirectamente, nas praias e costas inmediatas ou próximas, a xuízo do Servizo do Litoral correspondente, debendo presentar para estes efectos, e no prazo que se lle sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas, a fin de reparar os danos causados polas mesmas. Unha vez aceptado o devandito proxecto polo órgano competente en materia de litoral, o concesionario realizará as obras no prazo que se lle indique.

Canons, taxas e gastos

11ª. A Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, sen prexuízo da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para establecer outros canons por explotación de actividade.

Previamente ao comezo das actuacións, o solicitante deberá dirixirse ao órgano competente da Administración do Estado (Demarcación de Costas de Galicia ou Servizo Provincial de Costas correspondente do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico) para a liquidación e abono do canon correspondente pola ocupación do dominio público marítimo terrestre, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do RXC e deberá entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.

As Comunidades Autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público dependentes delas, están exentas do pago do canon de ocupación nas concesións que se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que as mesmas non sexan obxecto de explotación lucrativa.





Replanteo das obras

12ª. O concesionario solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente, coa suficiente antelación para que as obras poidan comezarse dentro do prazo, a comprobación do replanteo das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do director de obra, levantándose acta e planos xeral e de detalle, correspondendo ao órgano competente en materia de litoral a súa aprobación, se procede.

Nos devanditos planos deberán representarse, polo menos, coas suficientes referencias fixas:

- a) O deslinde do dominio público (liñas interior e exterior da zona marítimo-terrestre e, no seu caso, liña de praia ou doutras pertenzas do dominio público marítimo-terrestre).
- b) No seu caso, os accesos públicos ao dominio público marítimo ata a súa conexión con viais públicos.
- c) O dominio público en concesión e a súa ocupación coas obras do proxecto, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición.
- d) As zonas de distinto uso, público e privado.
- e) Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies mencionadas e o seu carácter.

Execución das obras

13ª. O concesionario dará comezo ás obras e as terminará dentro dos prazos que se sinalan nas condicións particulares.

14ª. O concesionario non poderá ocupar, para a execución das obras, espazo algún do dominio público fóra do autorizado especialmente para iso polo Servizo do Litoral correspondente.

15ª. Se transcorrido o prazo sinalado para o comezo das obras, estas non se iniciaron e o concesionario non solicitase a prórroga daquel, a Administración poderá declarar resolta ou anulada a concesión, quedando a favor da Administración Autonómica a fianza constituída.

16ª. O Servizo do Litoral provincial correspondente poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras, para comprobar se as mesmas se axustan ao proxecto en base ao cal se outorgou a concesión. Se apreciase a existencia de desviacións en relación co mesmo, ordenará a paralización das obras na forma establecida polo artigo 103 da LC, incoando, no seu caso, os expedientes que correspondan e, en particular, o de caducidade cando as modificacións sexan de sensible importancia.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





17ª. Se o concesionario incumprise o prazo de terminación das obras sen solicitar a prórroga do mesmo, será potestativo do órgano competente concederlle unha prórroga do devandito prazo, con posibilidade dunha sanción de ata o dez por cento (10%) do orzamento total das obras, ou incoar o expediente de caducidade da concesión. Se se concedese a dita prórroga, a mesma será a última que poderá outorgarse nestas condicións, polo que un novo incumprimento levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

18ª. Se o concesionario, antes de terminar as obras e instalacións, renunciase total ou parcialmente á concesión, perderá a fianza constituída, a menos que demostrase que a renuncia foi motivada pola denegación, por parte doutros organismos oficiais, dos títulos habilitantes, permisos ou outras autorizacións necesarias. Ademais, salvo decisión contraria do órgano competente, quedará obrigado a levantar as obras e instalacións á súa costa, deixando o terreo da concesión libre de toda ocupación, no prazo que se lle sinala.

Recoñecemento das obras

19ª. Unha vez terminadas as obras, o concesionario presentará o certificado final da obra, subscrito polo seu director e visado polo seu colexio profesional, no que deberán estar incluídas todas as obras, mesmo, no seu caso, as correspondentes á vertedura de augas residuais ao mar, e solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente o recoñecemento final das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do seu director de obra, levantándose acta e planos cos mesmos requisitos que os de replanteo. O incumprimento desta condición levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

20ª. A fianza definitiva devolverase ao concesionario ao ano de ser aprobados polo órgano competente a acta e os planos de recoñecemento final das obras. As ditas obras substituirán entón á fianza e responderán do cumprimento das cláusulas desta concesión, cando fose procedente.

Conservación das obras

21ª. O concesionario queda obrigado a conservar e manter as obras e terreos concedidos en perfecto estado de utilización, mesmo desde os puntos de vista de limpeza, de hixiene e de estética, realizando ao seu cargo os traballos de conservación e mantemento e cantas reparacións sexan precisas para iso. Cando estas teñan o carácter de gran reparación, o concesionario deberá presentar previamente, para a súa aceptación, no seu caso, pola Administración, o proxecto correspondente.





22ª. O Servizo do Litoral correspondente poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación e mantemento das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións e outras accións que deban realizarse para o cumprimento dos termos da concesión, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle indique e na forma establecida na anterior condición. Se o concesionario non realizase estas actuacións no prazo establecido, o órgano competente da Administración Autonómica poderá impoñerlle unha sanción económica que non exceda do 10% do orzamento total das obras autorizadas, concedéndolle un novo prazo de execución. Se o concesionario non executase as reparacións neste novo prazo, incoarase o expediente de caducidade da concesión.

23ª. A destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas por medio de concesión, sempre que se deba a causas de forza maior, dará dereito ao concesionario a optar entre a renuncia á concesión sen dereito a indemnización algunha e coa obrigación de demoler e retirar os restos das obras, ou a reconstrución ás súas expensas das mesmas no prazo que se lle sinale polo órgano competente. Se a destrución ocorre por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que del dependan, a opción anterior corresponderá ao órgano competente, aínda que no caso de que o concesionario non presente a renuncia á concesión, instruirase o expediente de caducidade da mesma.

24ª. Se o concesionario, unha vez terminadas as obras e aprobada a acta de recoñecemento final das mesmas, renunciase total ou parcialmente á concesión, quedará obrigado, de acordo co que se determine polo órgano competente da Administración Autonómica a entregar as obras e instalacións ao dominio público estatal ou levantalas á súa costa, deixando neste último caso o terreo total ou parcialmente libre de ocupación.

Uso e explotación

25ª. O concesionario non poderá destinar os terreos de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados na concesión.

26ª. Se durante a vixencia da concesión se advertise a realización de obras ou usos non amparados pola mesma, o Servizo do Litoral correspondente ordenará, respectivamente, a súa paralización ou suspensión, na forma e cos efectos previstos no artigo 103 da Lei de costas. Se as infraccións cometidas, fosen de importancia notoria, incoarase, así mesmo, expediente de caducidade da concesión.

Transferencia

27ª. A transferencia das concesións axustarase ao establecido no artigo 70.2 da Lei de costas.





Outras disposicións

28ª. O concesionario estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes ou que en diante se ditén, que afecten ao dominio público concedido e ás obras e actividades que no mesmo se desenvolvan, especialmente as correspondentes á ordenación do dominio marítimo, e á Lei de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, sen que as que se executen nin o seu uso poida ser obstáculo para o exercicio das servidumes de tránsito, protección e acceso ao mar.

Rescate

29ª. A Administración Xeral do Estado se resérvase a función de rescate das concesións demaniais cando a presenza dunha razón de interese xeral vinculada ao seu ámbito de competencias así o esixa.

Revogación

30ª. Cando sen intervención da Administración, varíen os supostos físicos sobre os que se outorgou a concesión, a Administración poderá modificar ou declarar resolta a mesma en función das variacións ocorridas e normativa aplicable, sen que o concesionario teña dereito a indemnización.

Vencemento do prazo concesional

31ª. Cando por vencemento do prazo concesional se produza a reversión, quedarán extinguidos automaticamente, sen necesidade de declaración expresa, os dereitos reais ou persoais que puidesen ostentar terceiras persoas sobre o dominio público concedido e as obras e instalacións obxecto da concesión. Tampouco asumirá a Administración os contratos de traballo que puidese concertar o concesionario para o exercicio da súa actividade empresarial, sen que, por tanto, poida en forma algunha entenderse que a reversión implica a substitución de empresa prevista na lexislación laboral vixente.

32ª. Terminado o prazo concesional, reverterán ao dominio público estatal os terreos, obras e instalacións obxecto da concesión, estando obrigado o concesionario, ás súas expensas, á demolición e retirada das devanditas obras e instalacións, parcial ou totalmente, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinala e sen dereito a indemnización ningunha, excepto no caso de que a Administración durante o prazo de tantos meses, antes do vencemento do prazo concesional, como anos teña o mesmo, de propia iniciativa ou a pedimento do concesionario, declare que, dado que se mantén o interese público das obras e instalacións, proceda ao seu mantemento para continuar a súa explotación na forma que se determine.

Levantarase a correspondente acta de recepción en presenza do concesionario, se comparecese.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





Procedemento sancionador, caducidade e constrinximento

33ª. O incumprimento total ou parcial das condicións e prescricións impostas na concesión dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador por infracción contemplada na LC, sen prexuízo de que, cando a xuízo da Administración, a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, esta pasará o tanto de culpa á xurisdición competente.

Así mesmo, o devandito incumprimento poderá ser causa de caducidade da concesión, especialmente, cando existan reiteradas infraccións dunha ou varias condicións.

34ª. A declaración de caducidade suporá a perda da fianza ou fianzas constituídas, no caso de que aínda non se devolveran, podendo levar aparellada, a criterio do órgano competente, a demolición e retirada das obras e instalacións, parcial ou total, a cargo do concesionario, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización algunha.

A tramitación do expediente de caducidade realizarase con independencia da incoación do procedemento sancionador que proceda.

35ª. Cando o concesionario obrigado a iso non leve a cabo as accións que o órgano competente lle ordene, en aplicación das condicións correspondentes, este, de conformidade co artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, poderá executalas subsidiariamente, sendo o importe dos gastos, así como dos danos e prexuízos, a cargo do concesionario.

36ª. Se, en virtude das actuacións practicadas, o concesionario tivera que satisfacer á Administración cantidade líquida, en caso de falta de pagamento, seguirase o procedemento de constrinximento correspondente.





CONDICIÓNS PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓNS

1. Condicións particulares

1ª. Esta concesión outórgase por un prazo de 30 anos, de acordo co establecido no artigo 135.4.c) do RXC, se persisten as condicións de interese público que motivaron o outorgamento.

O seu cómputo iniciárase o día seguinte da data de notificación da resolución de outorgamento da concesión aos concesionarios. As posibles prórrogas axustaranse ao establecido na Lei de costas e no Regulamento xeral de costas.

2ª. As obras que se autorizan son as incluídas no Proxecto de Mellora do sistema de Saneamento no Concello de Vilanova de Arousa de outubro de 2025, visado con data do 05.05.2026 e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Gustavo Vázquez Herrero.

3ª. De conformidade co informe da Dirección General de la Costa y del Mar, as actuacións estarán exento do pago do canon de ocupación.

4ª. Os concesionarios darán comezo ás obras dentro do prazo máximo de 6 meses contados dende a obtención dos títulos habilitantes legalmente esixibles e dos procedementos de contratación administrativa resoltos, se así existiran. As obras deberán quedar totalmente terminadas no prazo de 36 meses dende o comezo efectivo das mesmas.

5ª. Os concesionarios están exentos da presentación de fianza, á que se refire o artigo 88 da LC, pois é de aplicación o previsto no artigo 173.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei reguladora de facendas locais, que exime da esixencia de fianza ás entidades locais, excepto cando se trate de bens patrimoniais non afectados a un uso ou servizo público.

2. Prescricións

A. A utilización do dominio público marítimo-terrestre outorgado en concesión será de carácter xeral, público e gratuito.

B. Deberá quedar garantida, en todo caso, a servidume de tránsito que contempla a lexislación de costas, adecuando os medios necesarios para manter a mesma.

C. O concesionario deberá cumprir o sinalado polos Organismos Oficiais que informaron o proxecto. Considéranse incluídas nas presentes prescricións as condicións establecidas polos seguintes organismos que informaron o proxecto:

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





C.1. A condición particular recollida no informe do Servizo de Montes, do 14.02.2026, é a que segue:

Deberase regular o acto de disposición das infraestruturas situadas no MVMC de Deiro en cumprimento do establecido na Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común e do seu Regulamento no Decreto 260/1992, do 4 de setembro.

C.2. A condición particular recollida no informe de Patrimonio Cultural de Galicia, do 22.06.2026, é a que segue:

"(...) antes da concesión da licenza municipal, o promotor deberá presentar o correspondente proxecto arqueolóxico (segundo as indicacións e condicionantes do punto 3 do apartado ANTECEDENTES desta resolución), asinado por técnico competente, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En función dos resultados da intervención poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. No caso de localizarse restos arqueolóxicos inmoables, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario realizar modificacións no proxecto, principalmente, no que atinxe a súa afección sobre o subsolo."

C.3. As condicións particulares recollidas no informe de Augas de Galicia, do 05.03.2026, son as que seguen:

- Nas fases de construción deberanse propugnar medidas preventivas para evitar que, especialmente en días de choiva, os posibles arrastres de terras poidan ser incorporados ao medio hídrico ben directamente ou a través das redes de drenaxe existentes e de aí ao medio fluvial como, por exemplo, situar os amoreamentos de materiais e, sobre todo, os de residuos en zonas sen pendente e sen interferir nas vías naturais de escoamento (preferiblemente fora das zonas de policía e sempre en todo caso fora das zonas de servidume e das zonas inundables), prever a implantación de métodos de contención de sedimentos como barreiras de retención ou balsas de decantación e mesmo, de ser necesario, prohibir a execución de traballos de movemento de terras nos días de fortes choivas.

- De acordo co artigo 23.3 a) da Normativa do PHGC, nos vinte primeiros metros dunha captación subterránea, con carácter xeral, prohibense as instalacións para o almacenamento, transporte, tratamento e evacuación de calquera tipo de augas residuais, hidrocarburos líquidos ou gasosos, produtos químicos e residuos sólidos.

- Aos efectos de evitar a posible contaminación das augas subterráneas, para todos os elementos sen estanquidade garantida de fábrica susceptibles de entrar en contacto con sustancias potencialmente contaminantes (tanque de tormentas, bombeos, pozos...) deberase aplicar un sistema de impermeabilización competente e resistente ás agresións químicas que garanta a súa estanquidade. Amais débese garantir o seu correcto funcionamento durante toda a vida útil das instalacións, prevendo para elo as oportunas accións de conservación e mantemento.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





- De acordo co artigo 49 da Normativa do PHGC, as canalizacións e infraestruturas hidráulicas enterradas proxectaranse, agás en zonas puntuais en que non exista unha solución tecnicamente viable, fóra da zona de servidume do dominio público hidráulico. Con carácter xeral, as infraestruturas hidráulicas e os pozos de rexistro de redes de augas residuais deberán localizarse fóra dos tres primeiros metros da citada zona de servidume.

C.4. As condicións particulares recollidas no informe do Servizo de Patrimonio Natural, do 05.02.2026, son as que seguen:

- Os materiais sobrantes das obras, deberán ser retirados e levados a xestor autorizado. Evitarase o seu depósito na zona de servidume e no DPMT. Durante as obras, a contorna deberase manter limpa e libre de almacenaxe de todo tipo de materiais.
- Deberanse aplicar medidas preventivas durante a manipulación dos formigóns e cementos, que serán elaborados en zonas afastadas das canles fluviais e da ZDPMT, ao igual que os labores de mantemento da maquinaria, para evitar arrastres e vertidos aos ecosistemas fluviais e ao medio mariño adxacente.

C.5. O 30.03.2026 a Deputación de Pontevedra emitiu informe no que solicitaban de cara á autorización das obras a previa solicitude de autorización ante o dito organismo.

C.6. As condicións particulares recollidas no informe do IET, do 17.04.2026, son as que seguen:

- Na execución da caseta do tanque de tormentas minimizaranse os movementos de terras e a alteración da topografía do terreo. Os noiros resultantes deberán contar coa mínima altura imprescindible e serán debidamente revexetados. Ademais minimizarase a eliminación de elementos naturais, como as masas de arboredo autóctono (epígrafe 3 e 4 do apartado a) da directriz de paisaxe DX.17).
- Para os acabados das fachadas e das cubertas do caseta empregarse como referencia os criterios recollidos na Guía de cor e materiais de Galicia.
- Durante as obras procurarase minimizar a afección sobre o arboredo e a vexetación existente, e unha vez rematadas todas as obras revexetaranse as superficies afectadas con especies autóctonas propias do lugar.

C.7. As condicións particulares recollidas no informe da Dirección General de la Costa y del Mar, do 28.04.2026, son as que seguen:

- 7.1. O prazo máximo polo que se podería outorgar a concesión é de trinta (30) anos. O prazo comezará contado o día seguinte á notificación ao concesionario da Resolución de outorgamento.
- 7.2. Conforme ao exposto nas Consideracións, o concesionario estará exento de canon.
- 7.3. O concesionario deberá cumprir o sinalado polos organismos oficiais que informasen o proxecto, e contar coa correspondente autorización de vertedura ao dominio público

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





marítimoterrestre para o punto de alivio do bombeo nº2, no caso de que devandita autorización sexa exixible pola administración competente.

7.4. Todas as infraestruturas existentes en dominio público marítimo-terrestre que queden fose de servizo e que por tanto non son obxecto da presente solicitude de concesión han de levantarse e retirarse do citado demanio, a cuxos efectos han de estar incluídos dentro do obxecto do proxecto da presente concesión, debendo o orzamento de execución material do proxecto incorporar as partidas correspondentes aos traballos de levantamento das citadas instalacións.

7.5. O concesionario será responsable de todos os danos e prexuízos para as persoas, as cousas e o medio ambiente que se poidan derivar, directa ou indirectamente, da realización das obras ou da actividade, no mar, no seu leito e subsolo, e en xeral, nos bens de dominio público marítimo-terrestre, debendo presentar para estes efectos, no prazo que se lle sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas a fin de reparar os danos causados.

7.6. Advértese expresamente que a zona sobre a que están situadas as instalacións pode ser inundable pola súa propia natureza, polo que o concesionario asume todos os riscos e danos derivados, tanto para as instalacións como para os seus usuarios, do devandito risco.

D. O outorgamento desta concesión non exime aos seus titulares da obtención das licenzas, permisos e autorizacións legalmente procedentes.

E. Advértese expresamente que a zona sobre a que está previsto situar as instalacións pode ser inundable pola súa propia natureza, polo que o concesionario asume todos os riscos e danos derivados, tanto para as instalacións como para os seus usuarios, do devandito emprazamento e da súa proximidade ao mar, debendo establecer as medidas de seguridade e vixilancia oportunas. Igualmente, será responsable de todos os danos e prexuízos a bens e persoas que se produzan en períodos de grandes avenidas, sendo responsable en ese tipo de situacións, de restrinxir o acceso dos usuarios á zona.

F. En relación coa explotación das obras, deberase ter en conta o seguinte:

F.1. Non se permitirá ningún tipo de vertedura ao dominio público marítimo-terrestre nin á zona de servidume de protección, de terras, entullos ou materiais ou produtos xerados pola obra, que non conte coa debida autorización, debendo establecer as medidas oportunas para corrixir os impactos xerados durante a fase de execución da obra ou instalación da ocupación.

F.2. Para a execución das obras non se poderá ocupar espazo algún do dominio público marítimo-terrestre fóra do autorizado especialmente para iso. Non se permitirán as anotacións de paso público, as casetas e contedores non autorizados, nin o almacenamento exterior de provisións, ou depósitos dos residuos da explotación.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





F.3. Realizada a instalación e á vista da súa posible afección ao litoral, o concesionario estará obrigado a modificar a posición desta no que resulte necesario, e mesmo ao seu desmonte e retirada á súa costa, antes do vencemento da concesión.

F.4. Tanto a explotación como o proceso construtivo deberanse levar a cabo utilizando as mellores técnicas dispoñibles, de forma que o impacto ambiental se reduza ao mínimo. En todo caso, deberán seguirse as instrucións que respecto diso se diten polos órganos competentes.

F.5. O concesionario será responsable de todos os danos e prexuízos para as persoas, as cousas e o medio ambiente que se poidan derivar, directa ou indirectamente, da realización das obras ou da actividade, na mar, no seu leito e subsolo, e en xeral, nos bens de dominio público marítimo-terrestre, debendo presentar para estes efectos, no prazo que se sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas a fin de reparar os danos causados.

F.6. Unha vez finalizadas as obras, o concesionario deberá realizar unha campaña de limpeza, eliminando a totalidade de restos da obra e dos materiais empregado na súa execución. Así mesmo, deberá conservar as obras en bo estado e repara os danos que se produzan como consecuencia da ondata ou outros.

F.7. Todas as consideracións anteriores, así como calquera incidencia no medio ambiente que poida xurdir no proceso de execución das obras, serán analizadas no recoñecemento final das mesmas polo Servizo do Litoral, que deberá subscribir a acta e plano que se levanten, ben de conformidade ou, no seu caso, con reparos. Un exemplar da devandita acta e plano, unha vez aprobadas, deberá remitirse a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático. Na acta de recoñecemento final das obras e no plano, deberá determinarse e representarse a ocupación do dominio público marítimo-terrestre outorgado en concesión, xeorreferenciándose todos os vértices do perímetro de ocupación en coordenadas UTM ETRS89, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición. Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies ocupadas. No caso de que sexa necesario, debido ao impacto producido polo establecemento e implantación das instalacións, esixirase un proxecto de acondicionamento e mellora da contorna ambiental. Neste caso, a explotación non comezará ata a execución do correspondente proxecto.

G. O incumprimento de calquera das anteriores prescricións ou os casos indicados no artigo 79 da LC darán lugar á caducidade da concesión con independencia da tramitación do expediente sancionador que corresponda.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





H. Con carácter xeral, todas as instalacións e conducións que están sen servizo ou quedan fóra do uso como consecuencia das obras, así como aquelas que carezan do correspondente título concesional deberán retirarse do dominio público marítimo-terrestre por parte do concesionario as súas expensas.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal

